

TEXTO REGULADOR DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CAMPAMENTO URBANO DO CONCELLO DE CEDEIRA.

ARTIGO 1º: FUNDAMENTO E NATUREZA

De conformidade co previsto no artigo 127, en relación co artigo 41 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais -TRLRHL-, se establece o precio público pola prestación do servizo de campamento urbano do Concello de Cedeira.

ARTIGO 2º: OBRIGADOS AO PAGO.

1. Están obrigados ao pago dos prezos públicos aquí regulados aqueles que se beneficien dos servizos ou actividades prestadas ou realizadas por este concello a que se refire o apartado anterior.
2. As cotas líquidas pola efectividade destes prezos públicos recaerán sobre os/as pais/nais, titores/as ou representantes legais dos participantes menores de idade.
3. O obrigado ao pago deberá:
 - a) Formalizar cantas declaracións e comunicacións se lle exixan para cada precio público
 - b) Facilitar a práctica de comprobacións e inspeccións, así como a entrega dos datos, antecedentes e xustificantes que lles sexan solicitados.

ARTIGO 3º: CONTÍA

O importe do precio público ou tarifa é o seguinte:

| Meses de realización | Período | Contía |
|----------------------|------------|----------|
| Xullo | Quincena | 40,00 € |
| Xullo | Mes | 60,00 € |
| Agosto | Quincena | 40,00 € |
| Agosto | Mes | 60,00 € |
| Xullo e agosto | Dous meses | 100,00 € |

ARTIGO 4º: NORMAS DE XESTIÓN

- 1 A obriga de pagar o precio público nace dende que se publique a relación definitiva de admitidos ás actividades de campamento urbano, considerándose que nese momento se produce a aceptación das condicións de prestación do servizo e o compromiso de asistencia.
- 2 A inasistencia total ou parcial ás actividades non é causa de devolución das cantidades abonadas, salvo por razóns de forza maior debidamente acreditadas.
- 3 O pago do precio público se realizará mediante autoliquidación, no modelo establecido ao efecto, efectuándose o ingreso nalgunha das entidades financeiras que se indiquen no propio modelo. O ingreso deberá realizarse con carácter previo á realización da actividade unha vez publicada a relación definitiva de admitidos e dentro do prazo que ao efecto se estableza na correspondente convocatoria ou na propia listaxe definitiva de admitidos.

4. Só producido o ingreso se entenderá que ten dereito á asistencia ás sesións do campamento urbano.
5. Cando por causas non imputables ao obrigado ao pago do precio, o servizo ou actividade non se preste ou desen- volva, procederá a devolución do importe correspondente.
6. A débeda poderá exixirse polo procedemento administrativo de constrinximento

ARTIGO 5º: REMISIÓN NORMATIVA

O presente precio público se rexerá, en todo o non previsto no presente texto regulador, pola normativa xeral en materia de ingresos de dereito público.

ARTIGO 6º: ENTRADA EN VIGOR

O presente precio público entrará en vigor ao día seguinte da publicación deste texto no Boletín Oficial da Provincia, e continuará en vigor ata a súa modificación ou derogación.